

Consellos a Ana Rosa

Anxo Tarrío Varela

Se eu fose ti, Ana Rosa, aproveitaría para lles dar unha lección de literatura tanto aos xuíces coma a quen se escandalizou por unhas páxinas máis ou menos collidas de prestado (máis ben máis, iso si) e demostraríalles que a historia da literatura é producta, *mutatis mutandis*, de algo moi semellante ao que fixeches ti ou o(s) ‘negro(s)’ ou ‘negra(s)’ encargado(s) de botarche unha man.

E o mesmo poderíamos dicir de todas as artes, porque ás veces o artista tan só daba unha idea, dirixía, e eran os operarios ou os discípulos quen traballaban arreo, aínda que firmasen a obra os xefes. O mesmo que hoxe en día. Por poñer un exemplo, ¿non colleu axudantes Andy Warhol para a súa *Factory*? Pois a ver. ¿E non plaxiou Warhol as tiras dos cómics de Batman, Superman ou Dick Tracy para compoñer algúns cadros. E logo os *collages*: ¿non pode haber *collages* en literatura? Pois si señor que os hai, Ana Rosa, ti tranqui, que cho di aquí o profesor Tarrío, que é un sabio. Así que, ‘pelillos a la mar’, porque, ademais, xa o di o refrán castelán: “Donde no las dan, se toman”, e punto, que nisto debes ser ti moi castiza.

Mira, Ana Rosa, collamos tan só un detallíño de literatura, xa verás como te sentes máis reconfortada e mesmo mellorará a túa superautoestima ao te ver rodeada de xentes do canon occidental incontestábeis, que o dixo Don Haroldo, o Bloom, non o de Joyce senón o gordo. Mira: ti vas ao latino Apuleio, colega teu, un supoñer, e les *As Metamorfoses* (xa sabes, *O asno de ouro*, s. II). E vas e dis “oe, está ben iso de narrar en primeira persoa e ademais que se manteña narrando Lucio mentres dura a súa transformación en asno”. E segues, e chegas, un supoñer, aos séculos de ouro europeos e notas que Cervantes e Shakespeare tomaron boas notas de Apuleio e que algo se lles pegou; e ves un anónimo e outros non anónimos, como Guzmán de Alfarache, e notas que tamén leron Apuleio e que lle tomaron prestado, á parte doutras moitas cousas, ese punto de vista en primeira persoa para faceren as súas novelas picarescas tan recoñecidas universalmente.

E vas e chegas, por exemplo, ao século XVIII inglés e atopas que Laurence Sterne, que fixo boa lectura dos clásicos e coñeceu bastante a literatura española, tamén retoma ese punto de vista para contar as desventuras do pobre *Tristram Shandy*, quen mesmo parece recordar o día en que foi enxendrado, é dicir, cando aínda era un espermatozoide, pois, se podía narrar un asno ou un pícaro cornudo, por qué non había narrar un homúnculo xa antes de penetrar (algo traumatizado pola relojería, iso si) no óvulo materno. E con iso Sterne fixo unha novela na que (Rabelais mediante, para sermos sinceros) está xa todo o que levan inventado os séculos XIX e XX no xénero. ¿Non ves que ninguneado está Sterne? Claro: entras no saco de Sterne e che dan ganas de colgar a pluma para sempre, pero mellor que entrar no saco é saquear Sterne sen mentar o seu nome e tirar para adiante, que a vida ten que seguir e a literatura tamén.

Para ir atallando: pegas un pincho de Sterne a Günter Grass, xa sabes, outro colega teu, o polaco-alemán premio Nobel 1999, e atopas Óscar, un neno que non se separa do seu tambor de folladelata, contando en primeira persoa toda unha historia que se inicia tamén no claustro materno. Nótase que Grass leu, polo menos, Sterne e, polo máis, Apuleio e a súa ‘coña marinera’.

E xa, por rematar empalmando neste mínimo exemplo: colles a última novela de Juan Marsé, **Rabos de lagartija** (2000), e volves atopar unha historia narrada por un

feto, que, ademais, pode falar co seu irmán David, de catorce anos, que ten un amigo que nunca se separa do seu par de maracas caribeñas, como facía Óscar co tambor.

E non pasa nada: así se fan todas as artes, Ana Rosa. *Nihil novum sub sole*. Quizais a desgracia veuche a ti polo exceso de admiración cara ás túas autoras preferidas, que che levou a coller delas algo de máis. Pero sempre podes alegar diante do xuíz que un dos problemas máis coñecidos do hipertexto é a desorientación á que poden levar os múltiples *links* activados e que se che esqueceu poñer algúns *clicks*, en fin, *hotwords* para notas a pé de páxina, etc., porque non tiñas un bo mapa de navegación. Ti enguedéllao tamén por esa banda. Por outra parte, se eu che contase de plaxios e ninguneos...